

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

RESOLUCIÓN do 12 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se fai pública a convocatoria mediante o procedemento aberto con criterio único (prezo) para o alleamento de madeiras na provincia de Lugo.

Convócase mediante esta resolución o alleamento de madeiras dos lotes que se poderán consultar no Servizo de Montes da Xefatura Territorial desta consellería en Lugo (rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo) e no enderezo http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/produccion_e_industrias/poxas, de acordo co disposto no Decreto 244/1998, do 24 de xullo, que regula os alleamentos dos aproveitamentos forestais nos montes xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 1998 (DOG do 16 de setembro), pola que se desenvolve o Decreto 244/1998, do 24 de xullo, que regula os alleamentos dos aproveitamentos forestais nos montes xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia. A apertura dos sobres coas ofertas económicas terá lugar no Edificio Administrativo, rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

Para este procedemento rexerá a normativa antes citada e os pregos de condicións técnico-administrativas xerais e particulares destas que figuran no expediente correspondente no Servizo de Montes de Lugo, onde poderán ser examinados polos interesados a partir do día da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da presente resolución.

As ofertas poderanse presentar durante os vinte e seis días naturais seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Lugo ou en calquera das formas legalmente establecidas.

Cando a oferta se envíe por correo ou se presente noutro rexistro diferente ao da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Lugo, o licitador deberá anunciar á mesa de contratación a remisión da mencionada oferta mediante fax, burofax ou telegrama, no mesmo día, ao número 982 29 48 74.

A apertura das proposicións será realizada pola mesa de contratación, que se reunirá ás once horas do décimo quinto día hábil, que non cadre en sábado, contado a partir do termo do prazo de presentación das ofertas.



Cada licitador presentará dous sobres pechados para cada oferta. O sobre A, coa documentación administrativa cotexada e o sobre B coa oferta económica.

O sobre A, que contén a documentación administrativa, poderá ser único para todos os lotes que se presenten ante a mesa e na mesma sesión. Deberá conter, en todo caso, a seguinte documentación:

1. Acreditación da personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación.

2. Os xustificantes acreditativos de que están constituídas as fianzas provisionais, 2 % do prezo de taxación, de acordo co disposto no artigo 103 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante, TRLCSP).

3. Declaración responsable outorgada ante a autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado de non estar incurso o licitador nalgún dos supostos de prohibición de contratar previstos no artigo 60 do TRLCSP, así como na nova redacción establecida pola Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio de alto cargo da Administración xeral do Estado, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e da Comunidade Autónoma e da Seguridade Social e estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE).

Esta declaración presentarase sen prexuízo de que a xustificación acreditativa dos anteditos aspectos deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario en prol do cal se efectuará a adxudicación.

Non obstante o anterior, poderán presentarse os certificados administrativos do cumprimento das citadas obrigas, agás no caso do IAE, cuxa xustificación se efectuará mediante a presentación da alta, referida ao exercicio corrente, ou do último recibo deste, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto, segundo o artigo 15.1 do Regulamento de contratos das administracións públicas.

4. Acreditarase a solvencia financeira, económica e técnica exixida polos medios precisados no cadro de características.



No caso de que o licitador estea dado de alta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, deberá indicar na parte exterior do sobre o seu número e incluír copia da inscrición da empresa no dito rexistro, os xustificantes acreditativos das fianzas provisionais e a solvencia técnica e económica, así como unha declaración responsable en que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

Ademais desta documentación, deberá xuntarse a que proceda en cada caso segundo o especificado no prego de cláusulas administrativas particulares.

O sobre B recollerá a proposición económica e presentarase no modelo normalizado que se encontra á disposición dos interesados no Servizo de Montes de Lugo. Cada un dos lotes deberá figurar nun sobre B individual.

O adxudicatario constituirá a fianza definitiva do 5 % do prezo de licitación, agás nos expedientes en que o motivo do aproveitamento sexa «clara» e se indique no cadro resumo dos lotes. Neste último caso, engadirase o 5 % de fianza complementaria, co que se acadará unha garantía total dun 10 %.

O adxudicatario constituirá a fianza definitiva e, de ser o caso, a complementaria, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data en que regulamentariamente se lle comunique a proposta de adxudicación.

Dentro dese mesmo prazo deberá aboar:

1. O importe total do remate ou o importe do primeiro prazo, segundo se indique no prego de condicións particulares de cada lote.
2. O importe das taxas.
3. Os gastos proporcionais deste anuncio.
4. Os demais que se establezan nos pregos particulares do aproveitamento.

O adxudicatario deberá aboar, ademais das cantidades expresadas no anuncio, a porcentaxe que corresponda, segundo o réxime especial ou xeral que aplique a propiedade do monte, en concepto de IVE.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural
P.S. (Resolución do 7.9.2017)
Víctor Manuel Tubío Villar
Subdirector xeral de Persoal

